

- **Lugar:** Molexón, A VEIGA.
- **Narradora:** Julia González González, 88 años (2012).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López, Fernando Ornos Fernández y Abel Pérez Méndez.
- **Grabacióis:** *Fame abonda.*

### Fame abonda

Y antes era a luz de tizóis, nun había candil ni había nada, y así vivíamos, filábamos á luz del... a leña. Y éche eso, y eu subir desde aquí a enriba, al pico de riba, cun us bois delante y un par de vacas atrás con dous carros pa ir buscar el herba seca. Y terrar, terrar... sacar la tierra del fondo de las fincas y subila al picu, y pasábamos la cesta de... ¿nun sabes? de unos a otros. Era a cesta, outros chámanyes outra cousa. Tamén ás furquetas nosotros chamámosyos “furquetas”, ás... esas del cuito, d’espelí’l cuito nas tierras pa labrá’l trigu y pa labrar el meíz y todo eso. Outros chámanyes outra cousa. Y el gadaño de segar as patacas, ahora inda tuven ahora sacando nas patacas al gadaño y teño ochenta y ocho años. Ir desde aquí aló de Samartín, cinco kilómetros, cun dous cabalos buscar dúas fanegas de centén, y cuando vía pr’acó unha..., cuando me miréi p’atrás taba con os sacos debaxo da albarda y a probe da veyá tuvo qu’amañar de quitaryos y volver poñeryos. Teño ir cuas oveyas, teño ir... aló enriba al picu y ter alí úa cuadra y moyarme que nun había un paraguas pra taparse y retorcer la ropa y volver poñela outra vez al ombro. ¡Inda nun murrín por desgracia, ho! ¡Cago en diez! Y cocer a fornada... dúas fanegas de centén, que pegaba nas maus que Dios me libre, pero eu fuerza tía abonda, eso si que si. Eu lo único que vin foi trabayo abondo, eso si, e fame tamén paséi abonda. Paséi más fame eu que pasan os cais. Y agora estos novos... eu xa me vin pr’aquí sola qu’eu nacín nesoutra casa de riba, e sempre tuven con doce, trece cabezas de personas, ya vinme pra aquí sola por nun ver desperdiciar, porque eu nunca desperdiciéi nada, y agora vexo... ahora que se hai xamón, chorizos, pitu... pollo, bueno, como quiérades, y de todo cuanto hai, ternero y de todo cuanto hai, y ás veces queda inda alí filetes y van pal can ou pal gato. Agora hai dous coches na casa, tán todo el día rodando, digo: “Gastan más gasolina os meus agora rodando que nusotros pra criarnos nin pra vestirmos nin pra cosa que vese”. Y ahora eso nun

lo podo ver, eu gústame pasalo ben, porque agora pásolo ben, máis burra era... ¿a quién lo vou deixar? Teño cuatro fiyos, agora cada ún ta no sou situ, que trabayen, que tamén eu tuven que trabayar. Gracias a Dios tein salú, se nun tuveran salú axudaríayes lo que podese, pro así... no, no, agora hei pasalo lo miyor que poda. Inda fun hoi pula mañá, ás ocho da mañá a sacar... saquéin tres sacos de patacas. Xa digo eu que tamén cuando vén el jabalí por ei, vén ás patacas y a un lado y a outro, digo eu: “Cago en diez, se sabera eu cazar iba tiraryes y a dar-yes... que me levasen presa, que ceibe anduven tempo abondo”.

Eu d’eso si que nun che sei nada, eu teño amañado muitas próscicas pero era cuando vía cansada de trabayar e tirarme depresa na cama y a ver si... del rosario nun lo rezaba, se lo rezaba era del revés. Eu cuando tía vagar cortejaba algo e despós el resto deixábalo aparte. Xuntábamonos ei nesa casa de riba, igual tábamos úa docena, más d’úa docena de mozos y mozas, cocíase a fornada y facíamos unha rapela de pan de maíz con..., igual con churizu y un pedacín de toucín, y érache a sobrecena qu’había. Nun ch’había outra cousa. Fame paséi abonda, vólvoche decilo. Eu paséin fame y paséin... das cousas paséin fame de todas. Había a festa aquí del Viso, de Nuestra Señora das Nieves, y meu padre andaba por el mundo, qu’era tratante, y vía muita xente, toda a xente lo conocía e... vían. Y un día chegaron de Poxos y del outro lau del augua, diez aquí á festa sin dase cuenta, meu padre nun paraba sentado na mesa por culpa de que tía medo a nun dayes de comer. Chegaba así á cucía y digo:

—¿Pero nun pode tar sentado, ho?

Dixo:

—Nun sei se podo se nun podo, porque nun sei eu se habrá qué cumer pra toda a xente.

Digo:

—Pos mire, pra hoi ha haber, y se nun hai prá mayega hemos a mirar a ver se xuntamos pra comprar –porque se mantía a xente cuando se mayaba el trigo—, hemos a mirar se xuntamos pa ter.

Peró, ¡qué más dá!, ¡ai, Dios!, daquela cucíase úa cestada de patacas y comíachese toda el día da festa, porque amañabas úa potadísima de patacas, por ejempro con carne, cucías carne y cucías un lacón y cucías eso... y garbanzos y úa sopa y era a cumida da festa, nun había outra cumida. Pro el hombre tía medo a comer aquel lacón e que nun quedase despós outro prá mayega. Y díxeny e eu:

—Usté vaya pr’alí, que xa amañaremos algo, malo será.

Y el hombre tranquilizóuse, però dígoche eu a ti que daquela era de... ¡había que pensar! ¿Nun che dixen que cumera pan de cebada das bestias? Y caldo sin grasa, eu según lo comía devolvíalo, nun me paraba nel cuerpo. Y leche nun había bastante siquiera, porque éramos muitos y había pouco pa comer. Íbamos cuas oveyas, levábamos unha tazadía de leite nunha boteya y un pouco de pan de maíz pra ir todo el día pal monte.



028.

**JULIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ**  
Molexón, A VEIGA

---

Foto: Jesús Suárez López

